



V CONGRESO GALEGO-PORTUGUÉS
DE PSICOPEDAGOXÍA
ACTAS (COMUNICACIÓNS E POSTERS)
Nº 4 (Vol. 6) Ano 4º-2000 ISSN: 1138-1663

INTERCAMBIO EDUCATIVO ENTRE GONDOMAR (GALICIA) E GONDOMAR (PORTUGAL)

Marta Mª MORO RODRÍGUEZ

INTRODUCCIÓN

Unha actividade extraescolar do tipo dun intercambio educativo co alumnado doutro país, supuxo un intento de facer unha actividade transversal entre varios departamentos didácticos: os de lingua e literatura castelá e galega, bioloxía, xeografía e historia e educación física.

Ademais, tratouse de facer fincapé en certos contidos actitudinais do currículo, como son os relativos a tolerancia ante a diversidade cultural e social en concreto, e a educación en valores en xeral. Outras actitudes, como as relacionadas con habilidades sociais e de comunicación, puidéronse poñer en práctica dun xeito realmente “o vivo”, polo que supón o contacto persoal entre xoves, convivindo ca súa familia e no seu entorno.